CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada as estratexias e os coñecementos máis axeitados en situacións comunicativas cotiáns para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información.	Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos básicos para comprender o sentido xeral dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adaptación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, mediante ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade.		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e axeitados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de maneira guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación e control da produción.	Expresar oralmente textos breves, sinxelos e comprensibles.		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e axeitados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, utilizando coa axuda os recursos físicos ou dixitais máis axeitados en función da tarefa e das necesidades de cada momento, tendo en conta a persoa a quen vai dirixido o texto.	Seleccionar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para producir textos comprensibles. usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados.		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal, e amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas, , apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal e mostrando respecto.	TI	64
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación e tomar e ceder a palabra.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas e polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na resolución de problemas de intercomprensión (entre as distintas linguas) e de comprensión na súa contorna máis próxima, contando con diversos recursos e apoios.	xplicar comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por solucionar problemas.		
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias que faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, usando, con axuda, recursos básicos en función das necesidades de cada momento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. - Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas. - Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. - Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
9	Show your moves	15

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar e analizar o significado global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos medios.	Comprender o sentido global e explícito de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns.	PE	47
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada as estratexias e os coñecementos máis axeitados en situacións comunicativas cotiáns para comprender o sentido xeral dos textos; interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información.	Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos básicos para comprender o sentido xeral dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.		
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adaptación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, mediante ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade.		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e axeitados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, utilizando coa axuda os recursos físicos ou dixitais máis axeitados en función da tarefa e das necesidades de cada momento, tendo en conta a persoa a quen vai dirixido o texto.	Seleccionar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para producir textos comprensibles. usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados.		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e axeitados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de maneira guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación e control da produción.	Expresar oralmente textos breves, sinxelos e comprensibles.	TI	53
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal, e amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas, , apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal e mostrando respecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación e tomar e ceder a palabra.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas e polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na resolución de problemas de intercomprensión (entre as distintas linguas) e de comprensión na súa contorna máis próxima, contando con diversos recursos e apoios.	Explicar comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por solucionar problemas.		
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias que faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, usando, con axuda, recursos básicos en función das necesidades de cada momento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. - Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas. - Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximas, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e

Contidos

- contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes: O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus coñecementos previos, centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero fomentando ao mesmo tempo a súa creatividade. Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización. A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes, por iso a nosa metodoloxía ten que ser flexible de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopar actividades nas que poidan aplicar coñecementos e aptitudes. A aprendizaxe é maior e de máis calidade se está baseado en actividades ou tarefas nas que o alumno asume o papel principal. A intervención do profesor debe ser activa, reflexiva e promover estratexias de comunicación e potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas. Consideramos o erro como parte do proceso de aprendizaxe. Os erros ou fallos sistemáticos debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua corríranse ó finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible, sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A aprendizaxe da lingua inglesa ten que ser, ademais, globalizada, permitindo a exploración do mundo que nos rodea mediante actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, e permanente para que o alumno sea quen de construír unha bagaxe cultural e de información que lle sirva para o conxunto da súa vida.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais de consulta de elaboración propia
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua
Manual da editorial (Libro e/ou caderniño do alumnado)
Recursos audiovisuais auténticos
Recursos DUA
Equipos informáticos
Plataformas virtuais de aprendizaxe

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

Utilizaremos o libro de texto Collaborate de Cambridge University Press. O alumno dispón do Student's Book e Workbook. Co código que trae o libro de texto o alumno ten acceso a todas as actividades de ambos libros, e a material de reforzo e ampliación para practicar as distintas competencias. No caso de vernos forzados a volver a un ensino semi ou non presencial o alumnado terá acceso ao libro e workbook dixital. O mestre dispón de acceso aos libros dixitais e todo o material de apoio necesario como Guía didáctica, Tests and Resources, worksheets para a práctica adicional de vocabulario e gramática e das distintas destrezas, as CLIL extension worksheets; os video scripts, material para a avaliación, os tests das unidades, e as audicións e solucións para tódalas worksheets. Os recursos multimedia mencionados integran por completo o uso das TIC na aula, permitindo ós profesores adaptar as mellores solucións dixitais de acordo ó alumnado ou ó centro no que se desenvolve o ensino.

Collaborate é un libro de texto que proporciona unha metodoloxía baseada en 5 Cs: comunicación, colaboración, creatividade, pensamento crítico e curiosidade, para conseguir o máximo rendemento da clase e un total compromiso do alumnado. O enfoque de Collaborate traballa as cinco destrezas: escoitar, ler, falar, conversar e escribir en situacións reais para unha comunicación eficaz. Inclúe actividades de colaboración e seccións de reciclaxe e repaso durante todo o libro, e aumenta o interese do alumnado con imaxes e un formato que fomenta a curiosidade.

O vocabulario, baseado no tema da unidade, preséntase en dous bloques xunto con expresións de linguaxe funcional coidadosamente seleccionado que aparece nos recadros de Useful language. Estes elementos constitúen o vocabulario clave que aprenderán tódolos alumnos.

Cada unidade de Collaborate cobre os puntos gramaticais principais. As estruturas novas aparecen nun contexto nos textos da lectura ou audición. Pódese reforzar con material da Grammar reference ó final do Student's Book e no Workbook

A competencia de comprensión escrita (Reading) se traballa a través dunha unha ampla variedade de tipos de texto: artigos, páxinas web, historias, receitas, correos electrónicos, guións de vídeo e entrevistas. Tódolos textos están graduados coidadosamente e perseguen o obxectivo de proporcionar información interesante de maneira realista. O Workbook tamén ofrece práctica de lectura.

Para o desenvolvemento da comprensión oral (Listening) os textos orais proporcionan unha variedade de falantes en diferentes situacións, incluíndo programas de radio, entrevistas, conversas e anuncios, cunha variedade moderada de acentos internacionais para dar veracidade. Cada unidade ofrece: listening principal de cada unidade warm-up, vídeo cultural e drama por unidade ditados e actividades de pronunciación práctica adicional na páxina do Workbook

En canto a expresión oral (Speaking e Conversation) as unidades de "Collaborate" proporcionan multitude de oportunidades para que os alumnos participen en actividades orais de xeito guiado e libre, practicando a precisión e a fluidez. A páxina de Speaking presenta e practica a linguaxe funcional de uso común nun contexto práctico e real. Fomentaremos tamén a realización de pequenas presentacións que familiaricen ao alumnado coas practicas de Public

Speaking e o uso das TICS. Neste senso, aproveitaremos o carácter plurilingüe do centro para facer un traballo cooperativo coas materias CLIL. A pronunciación tamén se practica en cada unidade mediante actividades que inciden sobre sons específicos, acentuación nas palabras, nas frases e entoación. A presenza da Auxiliar de Conversa é de importancia decisiva para o desenvolvemento desta competencia.

A expresión escrita (Writing) é a actividade final de cada unidade. Cobre unha variedade de tipos de textos adaptados aos diferentes niveis : correos electrónicos, artigos, guións de vídeos, etc. O texto modelo mostra unha clara estrutura de parágrafos e emprega a linguaxe clave da unidade en patróns de frases sinxelas. Traballaremos esta destreza de forma moi guiada nos primeiros cursos, facendo fincapé en que os alumnos sigan os modelos e incorporen a estrutura, ideas e vocabulario desenvolvido na unidade. Seremos esixentes no seguimento da planificación e requisitos lingüísticos así como na cohesión , coherencia e relevancia dos contidos. Aproveitaremos as actividades propostas Workbook para consolidar os puntos traballados no Student's Book. Tamén se practica a expresión escrita nos proxectos propostos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos:

1. Dinámicas de cohesión de grupo (por exemplo a maleta viaxeira, a tea de araña, two truths and one lie, etc)
2. Cuestionario de lecer e afeccións
3. Proba de nivel

4. Xogo que desenvolva a destreza lingüística oral e/ou (por exemplo, Find someone who, Ruleta aleatoria de temas)

Durante a primeira semanas faremos unha observación cuidadosa das capacidades e o seguimento das clases dos nosos alumnado. Con tal fin realizarán diversas probas por destrezas que nos permitirán comprobar o seu nivel competencial e detectar os problemas que poidera haber. Utilizaremos para isto os Diagnostic TESTS do material didáctico ou as probas extraordinarias de setembro do curso anterior. En función das observacións e dos resultados acadados nestas probas e tras a información de carácter persoal e familiar recabada na sesión de avaliación inicial adoptaránse as medidas pertinentes, que poden ser: Individuais:

As diferentes necesidades dun alumnado tan heteroxéneo fan preciso que fagamos un esforzo importante para que todo o alumnado poda acceder ,segundo as súas características, alomenos aos elementos básicos do currículo. Teremos que ter en conta tamén os medidas organizativas da aula, a temporalización das actividades, a secuenciación de tarefas, e a adaptación das probas e instrumentos de avaliación para o alumnado que o precise (TDHA, parálisis cerebral, autismo, asperger,...) As decisións a adoptar son: - reforzo no aula de referencia : Os distintos niveis de actividades que ofrece o material didáctico que utilizamos nos permiten adaptar os contidos da materia a todo o alumnado. - adaptación curricular individualizada (ACI) : As adaptacións do currículo que sexa necesario elaborar elaboraránse ao principio de curso cos datos obtidos trala Avaliación Inicial. Serán realizadas polo profesor de aula, xunto coa xefa de departamento e o Gabinete de Orientación. A Avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios fixados na ACI que teñen como último referente os obxectivos xerais da etapa, accedendo a eles a través doutro tipo de contidos e actividades. - alumnado con integración tardía no sistema educativo: se adoptaran as medidas de reforzo necesarias de cara a facilitar a súa integración escolar e a recuperación de seu desfase de xeito que sexan quen de continuar cos seus estudos con aproveitamento.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	10	10	12	12	12	14	14	100
Proba escrita	30	30	30	30	30	34	40	36	47	35
Táboa de indicadores	70	70	70	70	70	66	60	64	53	65

Criterios de cualificación:

O alumnado deberá entender a avaliación como un medio de información do seu progreso e do grado de alcance dos obxectivos propostos nas distintas competencias. O proceso de aprendizaxe dunha lingua é progresivo, polo tanto a avaliación é continua e acumulativa e non haberá probas de recuperación. O aprobado nunha avaliación supón o aprobado das anteriores. Para obter as calificacións trimestrais ou finais teremos en conta diferentes aspectos nas porcentaxes que a continuación se especifican:

70%

Corresponde á nota media dos exames / probas que se realizarán en cada avaliación para medir as capacidades e os progresos nas distintas competencias : reading, writing listening, speaking e coñecemento da lingua (Vocabulary and Grammar)). O diseño destas probas debe seguir o modelo que a continuación establecemos e os profesores que imparten un mesmo nivel deben coordinarse . Cada apartado de cada exame debe levar claramente indicada a puntuación que lle corresponde .

1- Comprensión de textos orais (LISTENING): Exercicios de comprensión oral dun texto ou conversa que se escoita. A comprensión comprobarase respostando a preguntas abertas , elixindo unha resposta acertada (multiple choice) , elixindo verdadeiro/falso ou completando frases coa información necesaria. As preguntas de cada proba non poderán ser dun solo tipo. Valorarase especialmente a comprensión, aínda que a expresión non sexa gramaticalmente correcta.

2 Comprensión de textos escritos (READING): Avaliarase por medio de distintos tipos de textos que traten temas vistos ao longo do trimestre. A comprensión comprobarase respostando a preguntas abertas , elixindo unha resposta acertada (multiple choice) , elixindo verdadeiro/falso, corrixindo as resposta falsas , enchendo hocos con información axeitada, ordeando párrafos.... Valorarase especialmente a comprensión, aínda que a expresión non sexa gramaticalmente correcta. Forman parte da nota deste apartado as actividades de control dos libros de lectura obrigatoria.

3- Producción de textos escritos (WRITING): Exercicios de redacción ou comentario escrito sobre temas traballados ao longo do curso . Aquí valorarase a estrutura, o contido e os recursos lingüísticos utilizados. E dicir, a organización axeitada do texto en párrafos, uso de conectores, uso apropiado de vocabulario, corrección gramatical e ortográfica e o contido en función de cada nivel/curso.

4-Producción de textos orais (SPEAKING) : Na medida do posible haberá un exame en cada avaliación e sempre un ao final do curso . Valorarase: -a capacidade do alumno para desenvolver monólogos ou participar en diálogos/conversas relativos ás situacións comunicativas practicadas ao longo do trimestre ou para facer presentacións sobre temas desenvolvidos. Nos niveis superiores estas presentacións poden estar relacionadas coas materias CLIL (música, tecnoloxía e/ou educación física) - a pronunciación, especialmente dos sons traballados ao longo do trimestre e a entoación na lectura dun texto traballado nas clases .

.5- Coñecemento da lingua (GRAMMAR-VOCABULARY-FUNCTIONS): Exercicios específicos para comprobar que os contidos gramaticais e de vocabulario desenvolvidos ao longo do trimestre foron asimilados. Os exercicios sempre serán semellantes aos que foron traballados nas clases. Vocabulario: crucigramas, definicións para palabras concretas, palabras para ser definidas, antónimos, sinónimos, uso de vocabulario no seu contexto, traducción vocabulario castelán/galego-inglés e viceversa... Gramática: Uso de tempos verbais, transformacións, preguntas para respostas dadas, respostar preguntas, completar diálogos, traducción de frases. Haberá alomenos unha proba de cada unha das destrezas(coa excepción do descrito no apartado de Speaking) e un exame de gramática-vocabulario por avaliación. Non se pode deixar ninguna delas en branco tendo que puntuar un mínimo de 2 en cada unha delas para poder facer a media.

B- O 30% restante obterase das observacións recollidas polo profesor nas probas de destrezas orais e escritas e o desenvolvemento das clases.

En 2ºESO:

a) Producción de tarefas: [20%]

- Libreta de clase.

- Redaccións de distintos formatos de texto sobre temas tratados no trimestre. Orde, limpeza e correcta ortografía.

- Tarefas orais (diálogos, presentacións, role-plays... Pronunciación)

- Realización de proxectos e traballos. Uso das TICs. Participación en actividades como a Semana Cultural...

b) Observación do desenvolvemento nas clases: [10%]

- Actitude positiva para aprender. motivación. Esfuerzo e traballo diario. Traer os materiais

- Realización dos deberes.

- Interactuación e participación activa nas clases. Mediación.

- Uso e comprensión do inglés por parte do alumnado como vehículo de comunicación na clase.

O aprobado está no 5, unha vez sumadas o 70% das probas e o 30% das observacións.

A cualificación final en Xuño obterase aplicando as seguintes porcentaxes a cada avaliación: 1ª 20%, 2ª 30% e 3ª 50%

A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.

COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 85%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.

PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5): 15%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Trimestralmente fázase entrega a cada alumno dun caderno de actividades do material curricular do curso anterior, que deberá entregar cumprimentado ao seu profesor/a correspondente antes do exames de avaliación. Este corruxará, avaliará e orientará ao alumno no seu traballo. Estas actividades están pensadas para repasar os contidos básicos de gramática e vocabulario. Enténdese que os contidos referidos as destrezas de escoitar, falar, ler comprensivamente e escribir se traballan e repasan nas clases do curso presente. O profesorado do alumnado pendente poderá propoñer algunha proba específica extra por trimestre ademais das probas previstas no curso no que se atope. Criterios de Avaliación: Dado que o inglés é unha materia de contidos progresivos teremos en conta: - o aproveitamento do curso no que se atopa o alumno,

- a realización dos cadernos de traballo

- os resultados dos exames do curso actual e de probas extras do nivel inferior que se poideran propoñer.

6. Medidas de atención á diversidade

É claro que a mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos ten efectos diferentes en función do coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino. É por esta razón que, en moitos casos, debemos modificar ou adaptar contidos ou a metodoloxía para que tódolos alumnos poidan alcanzar os obxetivos establecidos. Do mesmo xeito, debemos ofrecer actividades de extensión para aqueles alumnos máis capaces ou receptivos. A atención para a diversidade debe ser sempre realizada en ambas as direccións. O material didáctico que utilizamos nos ofrece recursos suficientes para graduar e adaptar as actividades de aula as necesidades da maior parte do alumnado. Haberá que ter en cota tamén os distintos protocolos que asistena o alumnado con diferentes tipos de problemas de aprendizaxe: TDAH, dislexia, Tea, ...

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X					
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X				X			
ET.6 - A igualdade de xénero.							X	
ET.7 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.8 - A educación para a saúde			X	X	X			X
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.		X			X		X	
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.				X	X	X		
ET.11 - O emprendemento social e empresarial	X			X		X		
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico					X			

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	
ET.4 - A competencia dixital.	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	
ET.6 - A igualdade de xénero.	
ET.7 - A creatividade.	
ET.8 - A educación para a saúde	
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X
ET.11 - O emprendemento social e empresarial	
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico	

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Semana Cultural	O alumnado terá a ocasión de disfrutar e aprender con distintas actividades sobre un tema de interese común para todas as materias.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Homecoming	O alumnado terá a oportunidade de gozar dunha parte dunha xornada lectiva practicando diversas disciplinas típicas da celebración estadounidense.		X	
Contacontos en fala inglesa.	O departamento organizará unha sesión de contacontos para fomentar a interculturalidade .	X		

Observacións:

Todas estas actividades poderán verse modificadas segundo as circunstancias do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Metodoloxía empregada
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Fomento a animación a lectura e estratexias de comprensión escrita.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Clima de traballo na aula
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre
Ás veces
Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliación analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados